

# A NOSA TERRA



Año XXXIX — Núm. 497

Registro Nacional de la Propiedad Intelectual No 376.979

FRANQUEO PAGADO  
Concesión de 2032  
TARIFA REDUCIDA  
Concesión 2727

Bos Aires, Agosto de 1955

## Día Dos Martires Galegos Encol de Nacionalismo

O 17 de Agosto de 1936 deuse o sinal en Burgos... O sinal foi o chumbo asesino castelán chantado no corpo prócer do protomártir da galegidade Alexandro Bóveda, esperanza dunha Galiza millor, máis xusta e ceibe.

E como un trebón homicida, ó epiléptico e imperialista barro castelán de "Arriba España, una y grande!" baixaron os godos cobrindo de sangue mártir a saudosa xeografía galega. Lentos, milleiros de patriotas e demócratas galegos, foron caíndo un a un, baixo o machado falanxista como réprica sanguiñenta ao povo que cobiza orgaizar a súa vida pol-os vieiros da liberdade e a democracia.

Cuasi que todos os alcaldes e concellais dos axuntamentos de Galiza, deputados e dirixentes dos partidos republicáns e dos sindicatos-obreiros; intelectuais, mestres de escola, abogados, médicos, arquitectos; moitidume de comerciantes, industriais, obreiros, campesiños e mariñeiros, foron cobardemente asesina-dos polo único delito de seren demócratas, de teimaren unha Galiza nova e forte, ricaz e culta.

Castela ten man de ferro. É a degorxante Eirexa, reacionaria e teimosa, a nobreza feudal e o exército treidor, confabulados no crime e a opresión. Pro Galiza, a Galiza eterna, ten esperanza de séculos de sometimento sin entrega do seu tesouro nacional a este poder brutal que procedeu coa máisima crueldade cobrando tintes de eisternio en razón dierita á vontade total da nación galega de sere libre e soberán.

E pechouse a éptica enroitada polos precusores. Porque após de tan bárbara matanza, a alma da Raza segue en pé, máis baril i ergueita que nunca, alampada pol-o espírito inmortante dos nosos mártires.

Agora estamos a vivir un paréntese de espera. E van xa dazanove anos de anguria. O falanxismo hespañol, moderna versión do imperialismo castelán que segue tripaando na nosa Terra, perseguindo o noso idioma e tradicións e aferrollando as nosas gentes, óllase impotente e adocido diante do xermolar pleo da alma galega, convencido do inútele da sanguiñenta repreixón, porque se decata, que ren se pode contra a vontade dun povo de sere libre e soberán.

Neste novo aniversario do martireloxo de Alexandro Bóveda que os galegos ceibes do mundo instituímos como o Día dos Mártires en homaxe e afervoadada lembranza de todos os bós e xenerosos que deron o seu sangue pol-a liberdade de Galiza, ó tempo que condenamos acedamente ós verdugos do noso povo, afirmamos barilmente a nosa fé inquebrantabel nos outros destinos da nación galega pol-os vieiros da liberdade e a democracia.

### Estraordinaria Audición de "Recordando a Galicia"

A audición radial de "Recordando a Galicia" que é dirixida por Maruxa Boga e secundada por Enrique González e Alfredo Aróstegui — os tres argentinos — ó primeiro minuto do 25 de Xuño, Día de Galiza, deu ó ete unha audición de grande xerarquia, pondo en contacto emocional coa Terra, ós Galegos emigrados na Arxentina, aderíndose así, a festa grande da patria galega, facendo súas, as arelas patrióticas do noso povo.

A audición radial deu comezo ó primeiro minuto do día 25 de Xuño nun clima de grande solemnidade co prego ós ouvintes de pórtese en pé pra escoitar o hino galego cantado polo coral "Terra Nosa" do Centro Ourense, baixo a dirección do mestre Vértiz Maragno. A pós, a directora da audición, Maruxa Boga, con afervoadado acento deu a nota editorial plea de fé e esperanza nos outros destinos da Patria Gallega.

A seguido, foinos doado ouvir a voce de Doña Virxinia Pereira de Castelao, a diña compañeira do noso guisiro, nun cálida mensaxe da muller galega no Día da Patria. E após dun saudoso e fraternal intermeio de música folklórica arxentina e galega, foi desafiando polo micrófono a emocionada voce amiga de artistas e escritores arxentinos: Santiago Gómez Cou, Enrique Muñío, Lolita Torres, Zuluy Moreno, Luis Arata, María de Villarcao, Víctor Molinari e Francisco Luis Bernárdez.

Compre por de noto, que neste 25 de Xuño de 1955, fai dez anos que "Recordando a Galicia", esta valente voce galega apareceu no eter gañando axiña o corazón e a simpatía dos galegos de Bós Aires.

Perante dez anos, sábado a sábado, "Recordando a Galicia" foi debullando no eter, un interminabel ronsel de muñeiras e ribeiranas, de alalás e cantigas; eisaltando os feitos e as figuras próceras da nosa historia, todo elo penciado nun clima de galegidade e democracia.

As nosas louvanzas máis gasalleiras ós amigos de "Recordando a Galicia" pol-a manífica audición oferescida e coas felicitacións pol-o nove aniversario, e noso degoro dunha longa vida de esitos na defensa dos ideais galegos.

O patriotismo de Castela consiste en impoñer o seu espírito, o seu seco sentido da vida a todas as terras de España; e un imperialismo asiático, arrasante.

Lois Porteiro Gareca.

Os que a cotío falamos do nacionalismo, así, con énfasis e con certa satisfacción, debemos aclarar prestamente, cal é o noso nacionalismo, pra non ser tomados como podría suceder, por xentes de mal sentido xeito de que nosoutros somos.

Os nacionalismos, teñen os seus orixenes no século XIX na crisis política e económica que a democracia e o industrialismo trouxeron na col da soberanía dos povos. Mellor aínda, o nacionalismo económico atepa as suas primeiras expresións no "mercantilismo" do século XVIII cujas guerras tiñan como premio a conquista dos mercados e monopolios; exemplo do cal é o tratado de Utrecht. Mais o mundo atada estaba entón na edá agrícola e rural, situación violentamente perturbada ca chegada do industrialismo; procurouse así trastocar completamente a estrutura económica do mundo facendo menos numerosas e mas grandes as unidades económicas a o mesmo tempo que se trouzaban as barreiras entre elas. Hasta os anos 60 e 70 do século pasado, a democracia cosmopolita na sua acción como o industrialismo, axudáronse mutuamente. Desde entón os seus trocáron os seus oixetivos e laboraron en direccións opostas. Na primeira parte de expansión o librecambismo procurou o desenvolto dos grandes estados, británico, americano, francés, italiano, alemán, etc.

Despois o mesmo nacionalismo democrático que en Alemaña e Italia había xunguido varios estados nun só, dispuxose a desintegrar os imperios multinacionais austro-húngaro, otomano e ruso. Pason que cando as nacións chegaron a se industrializar unha tras outra, a competencia enxendrada pol-os intereses localistas ergueron o nacionalismo que os historiadores chaman "provinciano" en col da defensa dos intereses dos pequenos grupos nacionais. Dice Tounbee que o movemento do librecambismo británico tal como Cobden o concebira, non foi simplemente unha obra maestra de egoísmo ilustrado pra facer a Gran Bretaña dona do mercado mundial.

Esperaban tamén crear un clima político no que se poidera seguir en paz e seguridá un intercambio mundial de mercancías a servios, medrando sempre en seguridá e produción así en cada etapa unha elevación do nivel de vida pra toda a humanidade. Confíouse en que a democracia defendería a fraternidá e o industrialismo a cooperación universal. Mais sucedeu que así como as pequenas oligarquías mercantiles do século XVIII promoveron guerras pro único fin do desenvolto das relativamente pouco importantes industrias de luxo da época; despois as nacións democráticas loitaron entre sí con fins económicos cando a revolución industrial trocou o comercio internacional, de un troque de artigos de luxo en troque de artigos de primeira necesidá pra vida.

Todas estas discrepancias aparentemente a nosa Galicia, non o son tal, pois a humanidade é un conxunto de individuos rexidos todos por leises comúns, e o desenvolto de cada grupo depende en parte e infinito en parte no resto dos grupos colectivos.

O nacionalismo galego tal e como Castela o entenda está basamentado en 5 razóns fundamentais: o noso idioma propio, un territorio propio, unha vida económica propia, e hábitos psicolóxicos retroxados nunha comunidá de cultura que xanclidos etnolójicamente no noso espírito, fan un feito concreto máis que unha simple idea. O feito da nosa galegidade...

Pre nós o industrialismo, na mentras, non se afinquen, novas

Por

Fiz Fernández

correntes de índole universalista sin barreiras nin privilexios, desgraciadamente ten que serca o xeito nacionalista, tendo en conta o scien d-un nivel económico do povo galego capaz de lle permitir o confort con que a moderna civilización facilita o desenvolto das actividades humanas. El digo desgraciadamente porque este sentimento é puramente un alto reflexo e de defensa, i en pugna cas nosas aspiracións de calidá de universalidade n-un mundo mellor, sin oligarquías económicas e baixo da protección de unha democracia non dirixida nin utilitarista. Pol-o demais, en col da economía do povo galego, sería inmensamente estenso o que se podría e debería decir, mais nós referímonos só a o impacto de un factor universal como é a revolución industrial en parte responsable da xenesis dos nacionalismos no século pasado, e a influencia que tivo no noso desenvolto nacional. A situación en franco estado de atraso en que Galiza se atoa.

### Nóvoa Espón

A partir do 15 deste mes, espón con brillante éxito na galería Kryd Tamán 533, Leopoldo Nóvoa, nome que xa é mester engadir a historia da nosa pintura moza e potente. Un novo vaor plástico que enctou o difícil camiño do arte con paso seguro, firme, e perfes d-outo creador.

Nóvoa é un pintor fidel a súa época, a cal supón o salto máis dramático i-aventurado dado pol-a pintura en todos os tempos, coa arela de procurarlle roitas vivificadoras, i-ainda non enxerguido por moitos. Espírito inxuido, d-ollada ergueita, ten o pulo deste renovar pictórico. Soupo identificarse coa sorprendente dinámica expresiva de planos da plástica moderna, até ficar nela apraixado. I-é ao traveso das formas vangardistas, que Nóvoa nos dá o seu mensaxe intimo, de trazos rexos e vigorosos, de proxección ecuménica.

Leopoldo Nóvoa quer sere fidel a sí mesmo e, por ende, ao espírito da súa Terra. Así é portador dunha pintura do bremente verace, a mellor ganbanza que se pode facer a un artista. Nado perto de Pontevedra, onde morou deica o intre d-adolescencia, leva saudoso pol-o mundo empapados os ollos i-o corazón de luz, de cor e-o a-e-no do feito da paisaxe física e humana de Galiza.

### O Aito do Centro Galego no Teatro Colón

No teatro Colón de Bos Aires, xulgado dunha patriótica moitidume afervoadada, a nosa máisima eridade colectiva, o Centro Galego, celebrou unha función de gala o aito central das xornadas galegas, que con tanto acerto e pra satisfacción da Galiza emigrada, e dos eternos vaoces da nosa raza, ven celebrando d-ende fai algúns anos.

O aito, que tivo unha solemne e patriótica xerarquia, contou con colaboración do corpo de baile do teatro devandito, que puxo en escena á fermosa obra de ambiente rural arxentino, "A Estancia", da que é autor o notavel compositor Alberto Ginastera. Após dista aplaudida obra, púxose en escena o baile de fan-el do Falla ó "Sombreiro de Tres Ficos".

No entreato, o Presidente do Centro Galego Sr. Villamarín Prieto, fixo uso da verba pra resultar a importancia e significación das Xornadas Galegas; nas que se lembran as glorias da nosa Historia e se des-

poa no concerto dos demais povos, xunguido o seu destino o sistema cerril de fatalista organización política, invulnerable a o progreso dos demais estados, obrigou a os seus fillos a buscar o sustento nos países con mellores posibilidades. En troques certos galegos quixeron traer esas posibilidades a propia Galiza pre que os seus fillos non tivesen que emigrar, e así foi xurdindo a conciencia das nosas necesidades propias das nosas posibilidades propias e a obriga de encetar e servir un movemento de índole propio, autónomo que n-riase mais pre nós e menos pra demais, até que algun día chegase en que os demais mirasen tamén en col dos nosos intereses. N-este senso contribuíu o industrialismo na formación dunha conciencia galega e galeguista.

A democracia, tronzada tamén os primeiros intentos nancioneos con vía universalista do século XIX volcouse nos pequenos grupos de xeito de explotar as suas ideas, conquistas e posibilidades a modo de os utilizar con fins localistas. E así é como xurde a primeira República en España e con ela o federalismo semente precursora do noso autonomismo. E como a historia non l-ica detén n-iguen, pensamos con l-ica que o pequeno entreato porane estamos pasando non será mais que o precursor do afinamento definitivo dos nosos intereses nacionais no conxunto ético, movidos pol-a reacción violenta que sempre sucede a os intentos de sometemento da universal marca en ascenso da nova reestrucción do xénero humano.

Mais o noso nacionalismo, non é somentes eso. Non é somentes o produto xeral do impacto das revolucións industrial e política nos dous derradeiros séculos. En nós xurden crara e barilmente os outros elementos que Castela sincoou na nosa conciencia. Elementos de orden cultural como o idioma e os nosos hábitos psicolóxicos que nos lanzan no conxunto xeral como posibles futuros creadores non xa de cultura en sí, senón de fontes de cultura, que é algo así como de entes paivos da historia da humanidade pasar a ser entes creadores da mesma. ¿Qué máis fonda satisfacción pode ter e sentir un home que pertenceder a un novo dirixente en vez que a un povo dirixido?

Todo eso en resumo, é pol-o que loitamos os nacionalistas galegos tamén chamados galeguistas e que ti-vemos en Castela o mestre craro, preciso e insobornable.

tacan os fitos culturais que a nosa raza soupo ir sinalando o avés dos tempos, afrontando ademais a crescente preocupación dos literatos da entidade, de sumar esforzos en col dunha cada ves meirande acción cultural.

Após do Presidente falou o Secretario da Comisión de cultura señor Sánchez Millares pra proemear a entrega dos premios ós ganadoras dos concursos literarios musicales correspondentes o ano 1954.

Na segunda parte, fixeron una presentación os conxuntos coraes "Bretemas e Reolós" e "Ariños de Vigo, os que baixo a dirección do mestre Xulio Anta, interpretaron coral e coreográficamente brillantes pezas do folklore galego.

Como nota destacada da trascendencia diste acontecemento, sempre engadir que o mesmo foi transmitido pola emisora oficial L. R. A. Radio de Estado.

RA 29/8



OS FALANXISTAS DA CASA DE GALICIA teimaron pasar de "mante" a bandeira de Falanxe agachada nunha "inocente" ofrenda floral...

QUE A REAICION CONTRA OS PROVOCADORES FALANXISTAS na Santa Casa foi unánime e o castigo exemplar, non cabe dúbida al...

Probe Galicia, non debes Chamarte nunca española, Que España de ti s'oida Cando eres ¡ai! tan fermosa.

Transcripción especial pra alguns "persoeiros", do famoso libro "Folhas Novas" de Rosalía Castro. Páxina 243. Editorial Páez, Madrid.

O CARDEAL PRIMADO DAS HESPAÑAS DOUTOR PLA Y DANIEL nunha pastoral publicada recentemente pra consumo interno, encol do baño en público nas praias e piscinas, fai notar que, considerando que o baño é unha práctica hixiénica, que debe realizarse na intimidade, acarra que de facerse en público ten de observarse a máis estrita separación de sexos...

O falanxismo hespañol comezando polos cregos e findando no último dos militarotes, decote tradíu a facer o ridículo. I en canto á práctica da hixiene, existe a boa tradición castelán simbolizada pola "católica" Isabel que estivo "sete anos" sen bañarse... ¡E tan fresca!...

LOURENZO FRAGOSO

## O Centro Betanzos Festexou o Seu Cincuentenario

O Centro Betanzos, prestixosa entidade galega está a celebrar o 50º cabodano da súa fundación coincidindo coas tradiciónais festas betanzeiras de San Roque, patrono da cidade, cunha xeira de aitos que adquiriron grande brillanteza os que foron realizados no orde seguinte:

SABADO 13 DE AGOSTO:

O presidente da institución señor Xosé Luis Fariña, nunhas breves e significativas verbas encol do 50º cabodano da institución e das tradiciónais festas patronais da milenaria cidade de Betanzos, deu por iniciados os aitos conmemorativos.

Diante dunha numerosa concurrencia, o señor Rodolfo Prada presentou ó pretixoso escritor e poeta arxentino Víctor Molinari, quen deu unha magnífica conferencia encol do seu recente libro "La poesía en mi itinerario gallego", recollendo o conferencian de moitos aprausos.

DOMINGO 14 DE AGOSTO:

Na sede social, México 1660, deuse un xantar de confraternidade asistindo numerosísimos comensais e ós postres, falaron os señores Antón Suárez do Pazo, Eduardo Blanco Amor e Antón Alonso Ríos, sendo moi apraudidos pol-a concurrencia.

MARTES 16 DE AGOSTO:

O día martes 16 as dez da mañán, a C. D. da entidade, concurreu ó panteón do Centro Galego, no cemitério da Chacarita, pra pousar unha ofrenda floral na tampa dos socios falecidos, ofrecendo o homaxe, o membro da Comisión de Cultura, señor Antón Suárez do Pazo, que pronunciou unha saudosa oración en lembranza dos betanceiros que acougan pra sempre en chan arxentino.

As 21 horas, na sede social da entidade, celebrouse un aito cívico en homaxe e lembranza dos mártires betanceiros asesinados aleivosamente pol-as hordas falanxistas.

Deu comezo o aito, cos hinos

galego e arxentino, e, aseguido, o presidente da institución señor Xosé Luis Fariña pronunciou unhas emotivas verbas encol da sinifiaición do aito a realizarse.

A continuación fixeron uso da verba eisaltando a revelante persoalidade dos mártires betanceiros Xosé Novo, Bernardo Miño e Tomás López Latorre, ex alcalde de Betanzos, os membros da Comisión de Cultura señores Antón Suárez do Pazo e Vicente Abarrategui Paradela, recollendo ambos, moitos aprausos do numeroso público que asisten a este patriótico aito galego.

SABADO 20 DE AGOSTO:

As 21 horas do sábado 20 do cte. co gallo do 50 cabodano, esta prestixiosa entidade galega levou a cabo un homaxe a Nación Arxentina, dando comezo o aito cos hinos da Arxentina e Galiza. Aseguido, o señor Rodolfo Prada presentou ó prestixioso escritor e xornalista arxentino D. Manuel Agromayor, quen pronunciou unha documentada conferencia tidoada "Raíces Gallegas en la Historia Argentina", recollendo o conferencian de moitos aprausos ó seu magnífico traballo.

SABADO 27 DE AGOSTO:

Cunha velada artística e danzante, pechouse a patriótica xeira de aitos que o Centro Betanzos orgaizou co gallo do seus cincuenta anos de vida e coincidindo coas tradiciónais festas betanceiras de San Roque, patrón da cidade.

A parte artística, desenrolouse a cárrago do cadro escénico "Lugris Freire" do Centro Coruñés, pondo en escea a ridícula comedia en dous aitos, "Un ovo de duas xemas" orixinal de Ricardo Flores, que o público festexou e premiou con aprausos. E como fin de festa, parellas de mullerira e o conxunto de "Danzas dos Mariñeiros" do Centro Betanzos ó son da milenaria gaita, deron corido e ledicia os nosos bailes tradiciónais

# Conmemorouse o Dia Dos Martires

Unha afervorada manifestación de identificación cos ideais dos nosos mártires constitúe este aito patriótico, que tivo por escenario o familiar casal do Centro Ourense, nome xa identificado coas eispresións máis xurdias de fe e patriotismo dos galegos de Bos Aires.

Formando a cabeceira do salón, un grande cadro coa conmovedora estampa de "A derradeira lección do mestre", de Castelao, enmarcado pol-as bandeiras galega e arxentina e pousado sobor das ofrendas florais da Comisión Intersocietaria e da Federación de Sociedades Galegas, aparecía simbolizando o sacrificio inmenso dos milleiros de mártires galegos amostrando o humilde camiño que compre percorrer para conseguir ese futuro millor e máis xusto que eles arelaban para a Terra Nái.

O grande número de concorrentes que acugulaba o salón de sitios do Centro Ourense desbordando ate os corredores, seguiu con atención reverente o desenrol do aito, nunha eispresiva manifestación de identificación cos conceitos dos ouradores, que foron longa e frecuentemente aprausados no decurso dos seus discursos.

### ADHESIONS RESCIBIDAS

Numerosas e significativas foron as adhesións rescibidas das entidades galegas, todas elas no noso idioma nacional, que viñeron a suman nas súas eispresións o sentimento de agradecemento e respecto para os mártires que latexa en todos os galegos, grandes mostras de simpatía desportou a lectura da adhesión do Centro Galego, a nosa magna institución que se fixo ademais representar persoalmente.

Longas aprausadas recolleron tamén a lectura das adhesións da Federación de Sociedades Galegas e do Centro Luceño. A carta da Federación decía: Non somentos nos adherimos a tan grata e xusta recordación, senón que enviaremos ese día unha ofrenda floral, como demostración do noso sincero homaxe aos mártires da nosa Patria, que inmolaron suas vidas pol-a súa liberdade. Sois amantísimos que esta nova Xunta Executiva, haxa chegado tarde para formar parte desa Comisión Intersocietaria, como houbera sido a nosa vontade. Os motivos que o impediron son erros, e, para vostedes, doados de interpretar. Outra ver será."

Tamen foi rescibida con fonda ledicia a presenza dunha nutrida representación do País de Gales, pais irmán na raza que viñeron a suman a súa adhesión a data que celebrabamos os galegos.

### CORAL "TERRA A NOSA"

A Coral "Terra a Nosa", identificada onde sempre coa máis puro sentimento patriótico, prestou tamén esta vegada a súa valiosa colaboración neste celebrante, interpretando o noso Hino Nacional, Cantiga de Pontevedra, Romance de doña Alda e A Santa Compañía. A vuzteza das súas versións e a fina calidade da interpretación, xa familiares nesta agrupación coral, achou ese día longas aprausadas de todos os concorrentes, que premiaban así por igual a regala para os seus ovidos que tiñan da escoitar e o fondo espírito disciplinado e superación constante que prima nesta prestixiosa agrupación.

### OS DISCURSOS

Nunha breve presentación, o señor Ricardo Flores destacou a sinifiaición

de adeprender nunha lingua estraña o nenno pode achar grandes impedimentos para dominar o vocabulario e a sintaxis suficientes para poder eispresar as súas ideas.

As ideas que foron formadas nunha lingua son tan difíciles de eispresar nos modos de outra, que unha persoa encargada d'esa tarefa pode moito perder a facilidade de eispresarse. Un nenno obrigado a facer este traballo a unha idade na que a súa capacidade de autoeispresión, aínda na súa lingua materna, non está completamente desenvolvida, cecais non chegue nunca a eispresarse axitadamente.

UNESCO — Emprego das linguas vernáculas no ensino — páxina 50.

do aito como día de loito, pero tamen de protesta civil dun povo na loita pol-a liberdade da súa terra, e tivo verbas de lembranza garimosa para o forxador da patria arxentina, o Xeneral San Martín, cunha morte, por rara coincidencia tiña de acontecer neste día que co tempo sería día de loito tamén para Galiza, neste día en que Alexandre Bóveda, o noso protomártir, había de caer baixo os humbos falanxistas.

Fai logo a presentación do señor C. Conles Tizado, membro destacado do das Mocidades Galeguistas chego de entusiasmo e fe nos destinos da Patria Galega.

### VERBAS DE C. CONLES TIZADO

Comeza decindo que perante moito tempo nos aitos patrióticos galegos estivo faltando a voce dos mozos galegos e algúns poderon coir que a idea da galegitude estaba trunca despois do asesinato en masa de 1936,

pero elo non era así e os mozos estiveron sempre, aquí e na Terra, presentes na loita e manteñen neceses os máis firmes ideais da Patria.

Traemos di-a voce dos mozos emigrados e dos que na Terra pensan como nós e non poden eispresar os seus pensamentos. A mocidade foi sempre arredista e hoxe sinte con máis forza esa convicción, porque hai unha fronteira de sangue que arreza ao povo galego dese espírito castelán que inspiro a masacre do 1936. A loita poderá ser máis desesperada que en outros intre, porque os povos soñen unha privación de liberdade que chega a límites insospeitados, pero elo non amingua os nosos azos de liberdade nin a nosa resolución de conqueila. A mocidade da Terra pide-nos que loitemos por ela tamén e nos queremos como eles ser ceibas, non tan sois autónomos.

No noso movemento —asínta despois— hai tres verbas que a veces parecen intocables: galeguista, república e home de esquerdas. Verbas nas que moitos queren esconder a súa inoperancia. Pero os mozos constitúen unha nova conciencia en formación e non poden admitir un valor absoluto a ningunha desas verbas. E mester mirar cara o noso povo e sentirse capaz de evolucionar. Os homes que se bautizan a si mesmos con algunha desas verbas deben po-

Os nenos adeprende unha lingua por un proceso constante de probas e erros, pero moito logo a lingua materna trécase nun hábito adquirido e a posición dos órganos da fonación para producir o fonema axitadamente, como igualmente a disposición de todos os elementos lingüísticos, adquiren automatismo. E posibel chegar a dominar gramaticalmente unha segunda lingua non adquerida na nenez, pero para a súa pronunciación será sempre moito difícil reeducar o proceso de articulación para producir seidos que non existen na lingua materna.

UNESCO — Emprego das linguas vernáculas no ensino — páxinas 9 e 11.

ñerse a tono coa realidade que vive o noso povo e coas solucións que ele reclama, se é que queren contar co noso respecto e a nosa colaboración na loita. De non ser así, a mocidade de Galiza non terá reparos en sinalar a súa traición a Patria.

Fina o seu discurso o irmán Conles Tizado decindo que a mocidade non ven sois a lembrar o mestre e o compañeiro desaparecido, senón a súa posición no futuro. O sangue dos nosos mártires estamos sinalando nun lingaxe máis patético o mesmo que xa dixó Rosalía: Pobre Galiza, ti non debes chamarte nunca hespañola.

### DISCURSO DE AVELINO DIAZ

En nome da Comisión Intersocietaria pronunciou un importante discurso o irmán Avelino Díaz, que dexaríamos transcribir íntegro, dada a súa importancia, pro a limitación de espazo debemos abstractar nos seus aspectos máis fundamentais.

Palas dos nosos mártires, di, como afondar nunha ferida que nos fixeron, pero temos de afondar nela, aínda tratando de sanala e procurando no mesmo tempo de que non nos volvan a ferir. Mais que reseñar os feitos que custaron a vida aos milleiros dos nosos mártires, compre achar o orixen deses feitos, que motivación lles deu, vixencia, que razón as puxo en camiño, que desíño as encendrou, que nos foron os que as realizaron.

Por qué o falanxismo agasñou aos nosos mártires? En primeiro lugar

anchor e fondura de sentimento, de pensamento e de acción, ollando a un porvir luminoso, en troques de seguir esculcando nun pasado notoso de miseria espiritual. Por eso o falanxismo matou aos nosos mártires.

Anaza o orador as inquedanzas dos nosos mártires en revalorizar as calidades da nosa raza, en escreber a nosa historia na vilipendiada, a nosa capacidade creadora, a necesidade de ser doños de nós mesmos, como povo diferenciado, para afirmar que os mártires galegos foron vítimas dun estado de cousas hespañol que ven de moi lonxo, un estado de cousas que tivo eispresión bárbara no ano 1936. Eispresión na que o falanxismo e o militarismo hespañes fixeron o suñeiro para afogar en sangue as ansias de redención do noso povo. Falanxismo e militarismo da pior ralea; barbarie ceibe sobor dun povo indefeso.

Foi daquela cando o militarismo hespañol, matando aos nosos mártires e levando despois a nosa xuventude a loitar por intereses hespañes, demostrou que os civís poden ser militarizados, pero certos militares non poden ser civilizados.

Uns homes foron os executores materiais do crime, tro, o meirande executor foi o espírito de Castelao, a mentalidade medieval castelán, que enraizou tamén en algúns

que sin: ser de Castela, deixáronse facer a súa imaxe e semellanza. Esa mentalidade produxo o falanxismo hespañol, que encendrou esta traxedia, onde os militares hespañes que non sabían máis que perder as guerras gañaron esa nantanza dos povos indefesos. Foi o espírito de Castela, un espírito vingativo, afeito a guerrar ía matar sempre, un espírito de amargurados, de resentidos consigo mesmos, coa súa terra e co seu destino; espírito duro e terco como a terra mesma en que se deu, terra que non coñece a gracia dos orvallos, nin sabe dos tonos cambiantes; terra dura que produx xentes duras e feras, sin emoción; terra que dá un desencanto místico, que devén en fanatismo terra, en fin, que sois sabe do seu propio cor que transmite os xentes.

Palas das suas andanzas por Castela cando ía as segas, e di: Castela estaría moi ben representada por un pastor; un home que está cantado nun lugar calquera, como se fora un fito no medio do tempo pasado, sentíndose co seu exato, que é coase o símbolo no que fineira a súa autoridade ía súa xustiza. Baxo o sol inicamente, ele está quedo, non se move, ou se o fai, móvese no espazo, pro non no tempo; sempre vestido de negro terrazo, calado como unha esfinge, está remoendo unha tristura ancestral, ou unha xeneira tamén ancestral. Ele pode pasar por heroi, pro a súa heroicidade non lle nasce de si mesmo; é un produto do ambiente en que vive, empurrado pola resaca pobreza da terra castelán, empurrado deica a periferia onde están as terras boas que dic, como señor feudal, quere ter submetidas para recibir delas o que precisa, cando é como ele dispoña. E se non, entra a facer "xusticia" co seu garrote. Abonda o orador as súas afirmacións con verbas do escritor castelán Rafael Suarez Solís, que revelan ese espírito medieval de Castela, ese espírito que non rematou cos Reises Católicos e que sigas a impoer a "xusticia" castelán nos povos que desexan ser ceibas.

Remata o irmán Avelino Díaz a súa brillante disertación decindo que nós non somos reserros, mais tampouco podemos fechar os ollos a tanta realidade. Residade que xa virom o Conde de Gondomar, Rosalía, Pondal e todos es grandes persoeiros de Galiza; realidade que nos están a lembrar os casteláns cos adraços e negociós de cada día. Hoxe Hespaña ten con Galiza debodas de facenda e de sangue, débodas que é mester cobrar con grandeza espiritual. Por elo-fina o orador— o problema de Galiza non pode ser resolto con unha sinxela autonomía, senón con unha liberdade absoluta, unha liberdade que asegure o noso porvir frente a calquer traidoría.

VERBAS DE ALONSO RÍOS  
Fechado este aito falou o Segre (Passa a páxina 2)

# GRANDIOSO CELEBRAMENTO DO DIA DE GALIZA

Cada ano que pasa, o celebración do Día de Galiza polos galegos emigrados adquire unha meirande resoancia e estase a trocar en faro luminoso que asinala o roteiro do rexurdir da nosa Patria. As xornadas de galegidade que vivimos os galegos de Bós Aires e de outras cidades de América deixaron no noso espírito unha fonda ledicia, porque nos amostan o longo camiño recorrido, contra toda caste de incomprensións, negacións e aldraxes. Hoxe todos os galegos saben xa cal é o camiño de redención da Patria, sábano e están a camiñar por ele con paso firme e seguro. E entre todos eles, están os galegos de Bós Aires, figura de adiantada na laboura cultural e política, que están a asinalar etapas manificas na súa misión. Os celebracións do Día de Galiza foron este ano, pola súa xerarquía, amplitude e sinificación, unha comprobación evidente dese progreso e constitúen un galardón que podemos exhibir orgullosos como galegos e como patriotas.

## Brillante Conferencia do Poeta Galego Eduardo Blanco Amor Fechando as Xornadas de C. Galego

Fechando a xeira de conferencias organizadas polo Centro Galego co gallo do Día de Galiza, pronunciou unha manífica conferencia o poeta galego Eduardo Blanco Amor cónsul da poesía de Ramón Cabanillas. Un idioma riez, de finos matices e de espresivos xiros, que falaba de por si soas das outas posibilidades literarias do noso idioma nacional, prestou un belido marco a esta importante conferencia, que tratamos de resumir nos aspectos máis sobresalientes.

Nun preámbulo o verdadeiro tema da conferencia, analizou o orador a evolución esperimentada no celebración do Día de Galiza e da fonda sinificación patriótica que ten adquirido hoxe en día. Unha primordial preocupación pola nosa cultura é compartida hoxe por todas as entidades galegas de Bós Aires, que teñen a convicción de que soas co cultivo da nosa propia personalidade nacional diferenciada podemos achar os basamentos dun porvir luminoso para a Terra.

De seguido, pasa a estudar a figura extraordinaria de Cabanillas, o poeta cívico de meirandes proxeccións despois das inxentes figuras de Rosalía, Ponal e Curros. Cabanillas — di o orador — é un poeta cívico que sin caer en ningún intra no misticismo, sabe cisaltar as condicións do seu povo e chegar ao seu corazón para despertar os máis rexos e puros sentimentos patrióticos. Existéndose longamente sobre este aspecto da obra de Cabanillas, para destacar que no proceso de recuperación nacional que

está vivindo Galiza, é mester o concurso de todas as forzas materiais e espirituais. En tal aspecto, manifestando, Galiza non pode darse o luxo dunha poesía pola propia poesía, ou do arte polo propio arte. Necesitamos poetas, artistas e pensadores que a xerarquía intelectual das súas creacións, engadan un profundo sentimento e sinificado galego; que contribúan a espallar e "acer máis rexa en todos nós a conciencia do noso porvir como povo diferenciado. En este senso Cabanillas ocupa sin dúbida o posto máis sobresaliente na poesía galega actual.

Pasa revista a vida de Cabanillas como estudante, secretario de axuntamento e como emigrante, etapas das que sin dúbida o poeta sacou fondos ensinios para a súa creación poética. Analiza tamén a súa obra e destaca como o tema da nosa e da roseira vaixe convertíndose nun símbolo representativo das máis fermosas angueiras da nación galega.

Refírese tamén a importancia que para a obra de Cabanillas tivo o mecenazgo de don Enrique Peinador, que supo brindar ao poeta a súa amizade, o seu alento e a súa axuda, sin interferir o máis mínimo na súa obra de creación. Coa súa actitude, Peinador entra na inmortalidade da man de Cabanillas, nunha inmortalidade que non lle houberan dado nunca os seus cartos.

Pon de manifesto a necesidade de que este luminoso eixemplo sexa seguido polos galegos ricos de Bós Aires, porque a cultura galega, como espresión viva do sentimento de noso povo, ten mester de sentes xenerosas que faciliten o seu desenvolvemento. Galiza ten mester de moitos mecenas que permitan coa súa axuda un desenvolvemento do noso pasado e o cultivo do noso ser, para achar o pleo desenvolvemento de todas as posibilidades potenciais do noso povo. Asinala o eixemplo xa dado polo irmán Puente que co seu apoio está permitindo a elaboración dunha obra tan esencial como a Historia de Galiza, e fai votos porque ese eixemplo cunda entre os galegos ricos de Bós Aires, porque hai moitas outras grandes tarefas que empírrer que necesitan fortes medios materiais. Trai a atención de todos como un feito, polo sinificado que empiecha, pode conseguir unha importancia extraordinaria. Lembra cando os galegos de Bós Aires, inzados por aquela expresión de hespañolismo que xurdeu do desastre de Cuba, regaláron a Hespaña o cruceiro de guerra "Río de la Plata", que sin pena nin gloria debeu ir a morrer nun perdido desguazadeiro, para trocarse en chatarra barata, esmorecéndose tamén sin pena nin gloria o recordo deste esforzo inútil dos galegos. En troques, os galegos da Habana pagaron unha modesta edición do libro Follas Novas, e elo fixo pasar a inmortalidade, xungidos o nome da esgrevia Rosalía, no limiar dese libro, que no tempo dos tempos perpetuará o seu xesto.

O fermoso e conceptual discurso do señor Blanco Amor, foi moitas veces interrompido por longas aplausadas do numeroso público concorrente, que tivo ademais espresivas manifestacións de aprobación ao dar remate a disertación.

O Centro Galego organiza unha audición especial por Radio O Mundo e a súa cadea de Emisoras, na que se transmiten un mensaxe de Otero Pedraio para os galegos de Bós Aires.

O Centro Lucense organiza unha audición especial por Radio Portaña, na que se escoita música galega e unha conferencia do poeta Eduardo Blanco Amor.

As Mocidades Galeguistas rinden homenaxe a Rosalía diante o monumento do hall do Centro Galego, depositando unha ofrenda floral e pronunciando unha arenga o irmán Antón Moreda.

Na prestixiosa galería Witecomb inaugurárase a exposición do pintor galego Graecia Lema, que constitúen un merecido triunfo para o artista.

O corpo médico do Centro Galego sounouse aos celebracións do Día de Galiza, pronunciando unha conferencia o Dr. Miguel F. Pastor sobre de "Reaccións anímicas do galego enfermo", no que fixo gala de furo.

## Noticia das Xornadas Galegas 1955

**9 DE XULLIO**  
Os Centros Pontevedrés e Ourense comenzan o programa de aitos organizados para o Día de Galiza coa exposición de fotografías de Galiza de C. Moneo Sanz, oportunidade na que o autor disertou cónsul das "Posibilidades dun cine Galego".

**22 DE XULLIO**  
O Centro Galego inaugura as xornadas galegas coa exposición de fotografías de Galiza obra dos artistas C. Moneo Sanz, Pedro Otero, Xulio Paínera e J. Veiga Reol, oportunidade na que o Presidente do Centro Galego, señor J. Villamarín Prieto pronunciou un brillante e patriótico discurso.

**23 DE XULLIO**  
No teatro Colón, o magno coliseo argentino, celébrase o festival artístico organizado polo Centro Galego, que foi transmitido en toda a súa extensión por LRA Radio do Estado. En el escoitamos o Rino Galego interpretado pola orquesta sinfónica do dito teatro, números do repertorio do seu corpo de baile estable e derradeiramente un gran aito folclórico a cargo dos éanos "Bretemas e Raíñas" e "Residentes de Vigo".

**24 DE XULLIO**  
Inaugúranse na cidade de Eva Perón as xornadas culturais organizadas polo Instituto Argentino de Cultura Galega, con unha conferencia do director de Cinematografía da Universidade de aquela cidade sobre dun posíbel cine galego. A Presidenta do devandito Instituto, a escritora argentina María de Villariño, fixo ademais unha elocvente exposición sobre da laboura que ven realizando esa meritoria institución.

O Centro Lucense celebra no seu pazo un banquete e organiza un concerto pola Banda da Factoría Marítima, dirixida polo mestre galego don José Pazos.

**25 DE XULLIO**  
Organizada polos Centros Ourense e Pontevedrés realízase unha velada coa actuación da coral Terra a Nosa e unha conferencia do poeta Emilio Pita, sobre do tema "Compostela na poesía de Galiza", que seudou resoante contornos.

O Centro Galego organiza unha audición especial por Radio O Mundo e a súa cadea de Emisoras, na que se transmiten un mensaxe de Otero Pedraio para os galegos de Bós Aires.

O Centro Lucense organiza unha audición especial por Radio Portaña, na que se escoita música galega e unha conferencia do poeta Eduardo Blanco Amor.

As Mocidades Galeguistas rinden homenaxe a Rosalía diante o monumento do hall do Centro Galego, depositando unha ofrenda floral e pronunciando unha arenga o irmán Antón Moreda.

Na prestixiosa galería Witecomb inaugurárase a exposición do pintor galego Graecia Lema, que constitúen un merecido triunfo para o artista.

O corpo médico do Centro Galego sounouse aos celebracións do Día de Galiza, pronunciando unha conferencia o Dr. Miguel F. Pastor sobre de "Reaccións anímicas do galego enfermo", no que fixo gala de furo.

### O Día de Galiza en Rio de Janeiro

A Casa de Galiza de Río de Janeiro, que en realizando unha grande laboura na mobilización dos galegos residentes no país veciño a prol dos problemas nacionais da nosa Terra, estivo tamén presente no celebración do Día de Galiza, organizando unha xeira de aitos culturais e artísticos os días 9, 25 e 31 de xullo, nos que pronunciou unha interesante conferencia o Director de Cultura da entidade, señor Avelino Fernández Rivera.

Ala Galeguista publicou un vibrante manifesto espesificando as aspiracións de Galiza como povo diferenciado, como nación que debe gozar da necesaria liberdade para orientar os seus roteiros, e facendo un chamado a todos os galegos a traballar por ver realizadas esas angueiras, postas de manifesto no plebiscito do Estatuto, que reverdecen día a día en todos os eidos onde os corazóns galegos vibran ao conxuro do nome e do recordo da Terra Naí.

do observador e gran psicólogo. Tamén pronunciou outra conferencia o Dr. Raúl P. Méndez co título de "Función social da maternidade".

**28 DE XULLIO**  
O destacado escritor argentino don Víctor Luis Molinari pronunciou no Centro Galego unha brillante conferencia encól do "miraxe da paisaxe galega", na que brindou as oavintes unha visión poética e emocionada da paisaxe galega e de algunhas facetas da alma do noso povo, que impresionaron profundamente o seu espírito viaxeiro cando chegou a nosa terra. Adicou tamén o disertante unha atención especial aos dereitos nacionais de Galiza, a loita pola súa reivindicación, que arriaron longas aplausadas dos presentes.

Na cidade de Eva Perón continuaron os aitos programados polo Instituto Argentino de Cultura Galega, pronunciando unha conferencia sobre do tema "García Lorca na lírica galega", o destacado escritor Eduardo Blanco Amor.

**29 DE XULLIO**  
No Centro Galego diserta o Dr. G. Sánchez Guisande, cónsul do ro-

### O Día de Galiza nos xornales

Como en anos derradeiros, os distintos aitos con que os galegos celebramos o Día de Galiza, acharon un garimoso eco en todos os xornales de Bós Aires, que informaron con amplitude da súa celebración e recolleron en sustancia crónicas os aspectos máis sobresalientes de tales aitos. "Noticias Gráficas" publicou ademais un ha serie de reportaxes sobre do Centro Galego, a institución mutualista meirande de América, nos que destacan a súa múltiple acción a prol da cultura e do rexurdimento galego.

Os galegos, tan identificados con este país, o que dimos prominentes figuras históricas, sabemos agradecer o xesto amable da prensa porteña, que sin esceicións deu a nosa celebración unha importancia acorde co prestixio acadado pola nosa colectividade, co seu exemplo diario de amizade, civismo e fidelidade aos ideais de redención da Patria.

### O Día de Galiza en México

Os galegos residentes en México celebraron tamén afervoradamente o Día de Galiza con unha transmisión radial. Nela fixeron curtas e ardidas arengas patrióticas Lois Soto, Marcial Fernández, Roxelio Rodríguez de Breaña, Xosé Costal, Adela Costal, Milagros Vázquez, Carlos Vello Carlos Tomé, Horacio Casas, Guillermo Palacia, Elixio Rodríguez e Florencio Delgado Gurrirán.

Na noite do Día de Galiza celebraron un banquete de confraternidade galega, no que vibrou o fondo sentimento de fidelidade a Terra que anima aos nosos irmáns residentes nese país, falando ao remate o coñecido persoero galego Lois Soto, quen se referiu a sinificación dese celebración, como espresión da vontade de ser, de nación diferenciada que Galiza manifesta cada día con meirande rexedume.

### O Día de Galiza en Cidade Eva Perón

O prestixioso e dinámico Instituto Argentino de Cultura Galega organizou na cidade de Eva Perón unhas Xornadas Culturales co gallo do Día de Galiza, na que interviñeron destacadas figuras argentinas e galegas de outa sinificación intelectual.

Entre eses aitos queremos tra a exposición de fotografías de Moneo Sanz e da súa conferencia encól das posibilidades dun cine galego; as conferencias de Eduardo Blanco Amor, sobre "García Lorca na lírica galega"; de María do Pilar Lebrón, sobre do tema "Galiza ceibe, as que seguirán conferencias de Alberto Vilanova, Rafael Dieste e Manuel Aguiar.

Por iniciativa deste Instituto a Universidade daquela cidade comenzo un curso de literatura galega-portuguesa, a cargo do escritor galego Alberto Vilanova, que ten despertado un grande interés.

ma "A nosa Galiza esquecida", na que o orador pasou revista aos feitos máis sañtes da nosa historia e os seus persoeros de meirandes proxeccións.

**30 DE XULLIO**  
O poeta galego Eduardo Blanco Amor pronunciou no Centro Galego unha brillante e trascendental conferencia sobre da lírica poética de Cabanillas, cuxa versión damos no lugar deste número.

**2 DE AGOSTO**  
A actriz vasca María do Pilar Lebrón pronunciou na cidade de Eva Perón una conferencia co tema "Galiza na emoción poética argentina", recitando poesías de distintos poetas desde país.

**5 DE AGOSTO**  
Nun aito organizado polo Instituto Argentino de Cultura Galega, pronunciou unha interesante conferencia o escritor argentino Víctor L. Molinari, na que espuxo unha belida interpretación da paisaxe galega.

**6 DE AGOSTO**  
Os centros Pontevedrés e Ourense fechou o ciclo de grandes aitos organizados co gallo do Día de Galiza, inaugurando a exposición de fotografías de Galiza obra do profesor Xulio Paínera, quen ademais fixo una belida conferencia espesificando as súas impresións na visita a Terra dos seus país. Aituu ademais a coral Terra a Nosa interpretando fermosas cancións do seu selecto repertorio.

### O DIA DE GALIZA NAS RADIOS

Acorde co prestixio acadado polo celebración do Día de Galiza, os radios de Bós Aires adicaron este ano unha atención especial a nosa festa, recollendo nos seus programas música, conferencias e crónicas alegóricas a nosa festividade. Entre eses programas adicados a recordar e cisaltar as cousas galegas, queremos destacar a:

L R A Radio do Estado, que transmiten o aito do Centro Galego no teatro Colón, en toda a súa extensión.

L R I Radio o Mundo e a súa cadea de emisoras, que transmitiron un programa especial do Centro Galego, no que se leu un mensaxe do galego de Ramón Otero Pedraio, grabado especialmente en Galiza.

L S 10 Radio Libertade, transmitindo un programa especial de "Galicia Emigrante".

L S 5 Radio Rivadavia, que transmiten un programa extraordinario da audición "Recordando a Galiza", que celeron dese xeito os seus dez anos de laboura froitifeira e prestixiosa.

L R 9 Radio Antártida, onde o dinámico "Tacholas" irradiou unha emisión especial da súa audición "A Voz de Galiza".

L S 4 Radio Portaña, onde se escoitou unha audición de música galega polo coro do Centro Lucense e unha conferencia do poeta Blanco Amor.

L V 5 Radio Libertador, de Mendoza, que irradiou unha conferencia do Dr. G. Sánchez Guisande, evocando a Galiza e destacando o sinificado de Compostela como foco de cultura medioeval.

### O Día de Galiza en Mendoza

O grupo de galegos residentes en Mendoza sempre se caracterizou polo seu fervor de sentimentos a prol da Patria e pola empeñosa laboura desenvolada para a divulgación e revitalización dos nosos problemas. Este ano organizaron tamén varios aitos para celebrar doadamente o Día de Galiza. Entre eles queremos citar a audición radial por Radio Libertador, na que o Dr. Sánchez Guisande fixo unha evocación de Galiza e de Compostela como focos de cultura de irradiación universal na idade media.

Organizaron tamén un gran banquete, que contou coa presenza de numerosos persoeros. O seu remate pronunciaron sentidas verbas o señor Antonio R. Casal, cónsul de Uruguay n-aquela cidade, o irmán Fiz Fernández, ex-presidente da Irmandade Galega de Bós Aires, que se achaba de paso en Mendoza, un representante catalán e outros persoeros da Irmandade Galega de Mendoza.

### CONMEMOROUSE O DIA DOS MARTIRES

(Ven da páxina 2)  
drio do Consello de Galiza, irmán Antón Alonso Ríos, poñendo nas súas verbas a emoción acostuada.

Vimos a rendir hoxe eiqun un homenaxe —manifesta— e tamén a repetir un xuramento de fidelidade aos nosos mártires, prometendalles facer namentras vivamos todo o posíbel por ver realizados os seus ideais, que é decir o ideal de Galiza.

Ten palabras de agradecemento para os representantes galegos que hoxe comparten connosco este homenaxe e manifesta que Galiza non ten a sorte dese povo irmán que non be contadas as posibilidades de cultivar a súa propia personalidade, porque vibren nunha comunidade humana que consideraría coa unha grande perda para todos. En troques Galiza ve dificultado o desenvolvemento da súa personalidade e non está disposta a aceptala, porque de ningún xeito pode aceptar ser un calco de povos alieos. A cultura é diversidade, son matices, e non un calco uniforme do pensamento. Coa uniformidade destrúense aos povos e a humanidade non camiña a destino, senón a unha froitifeira convivencia de pensamentos distintos.

Os galegos non somos remotos, pero tampouco podemos esquecer o martirio dos nosos mártires e os seus asesinos, nos que arderá soas a fé de galegos no futuro da Terra e o afán de labourar pola nosa grandeza.

Lea e suscríbese a "Galicia Emigrante" A Gran Revista Galega de América T. E. 27-4311

PRINCIPIOS DO GALEGUISMO.

- 1 - Galiza, unidade cultural.
2 - Galiza, povo autónomo.
3 - Galiza, comunidade cooperativa.
4 - Galiza, célula de universalidade.

A ROSA VERDE

INUESTRA PATRIA

Despotas insensatos,
forxá forxade grilos
Pode apertir o ferro
Un corpo enfracado;

EDUARDO PONDAL

Año XXXIX - Núm. 497



Bós Aires, Agosto de 1955



Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

FIESTRA â TERRA

O BON CAMIÑO

Que Galiza esperta da preguiza colectiva, do escepticismo conformista a que foi levada pola colonización alleira centralizante, parés amostralo a crecente preocupación que se observa en cáseque todos os círculos vitales do noso país.

Derradeiramente compre observar nos nosos xornales, saúdabeles enfoques de como teñen de se ourentar i-estimular os diversos aspectos da nosa vida económica; i-o que máis nos satisfai, amostrándonos que se está a encetar o bon camiño, e o intento de coordinar, centralizando os illados esforzos que, encol da industrialización da Nación Galega, teiman levar a cabo algunhas corporacións económicas, superando deste xeito, non sómentes un localismo serodio i-esterilizador, senon tamén, a ficción provincialista que, imposta polo Estado asovallador, esnaquiza a vida económica galega, orixinándolle problemas que lle non permiten axeitado desenvolvo.

Galiza é unha unidade económica, xeográfica, cultural, etc. desta base tense de se partir, pra estimular e fomentar todo tanto con calquera distes aspectos da vida galega teña relación. Emporiso que hoxe temos que aplaudir sin reservas, o proxecto da "Cámara de Comercio" da Cruña, que patrocina a creación do "Instituto Galego de Fomento Económico", doutando de funcións técnico-orgaizativas, a prol da creación de novas fontes de riqueza, e de tan necesaria industrialización da nosa Terra.

Confiamos en que ista patriótica iniciativa, non poida malograrse a teima antigalega dos xerifaltes do centralismo estruchador, secundados por desgracia moitas veces, por galegos traidores â Patria; que vendidos o mouro, soio atenden o seu medro persoal, e fan posibel que Galiza sexa dominada por alleas mentes de inferior mentalidade.

APRIQUENSE O ROMANCE

O seu regreso dos Estados Unidos de Nordeamérica, o Ministro de Agricultura do Goberno español, Sr. Cavestany, fixo algunhas declaracións ás xornalistas decindo entre outras cousas: "A independencia económica e social que dito país coñece pra os seus agricultores, constitue un dos maors trunfos no fortalecemento do conxunto da riqueza nacional; mantendo a iniciativa privada -engadeu o Ministro- o sentido colectivo conque se desenrolou ista economía, fixo posibel un promedio envexabel de ben estar xeral".

Si Sr. Ministro, eis ahí os resultados dunha lexislación axeitada o medio onde ten de se aplicar, que fomenta o adianto técnico, e por remanencia a outa capacidade produtiva do granxeiro nordeamericano. En troques desto, que triste panorama económico ofrece a nosa agricultura, que pro caso e o que a nós nos interesa, anquilosada en arcaicos xeitos de explotación, namentras o Estado español, representado iste intre polo Sr. Cavestany, Ministro de Agricultura, que gaba os métodos agrícolas da gran federación das barras e das estrelas, non foi, non é, nin será, indexamáis, capas de "apricarse o romance", como diría un clásico labrego dos nosos agros. Iste mesmo "Ministrillo", xenuino representante do Estado asovallador, que agora olla con admiración a riqueza agrícola dun país, que sempre tivo pros seus labregos a mellor disposición de axudalos con leises xustas e acertadas; e o que non fai moitos anos, nun alto agrario en Valladolid, ó ser erguido o racionamento dos produtos agrícolas, declarou enfáticamente: "que os campesiños había que protexelos, asegurándolle pras suas colleitas prezos mínimos retributivos"; e así se fixo cos cereas casteláns, cos arroces valencianos, coas remolachas de Aragón, etc., pero esquecéndose, como sempre, dos nosos agricultores que, namentras pagaban por ises artigos prezos mínimos, tiñan que vender as suas patacas a oitenta céntimos, despois de haber pagado as sementes a 4.50 pts., o carro de abono orgánico a 150 pts. etc.

Pero, pra que lle dar máis voltas a cuestión, os problemas galegos hai que enxerguelos con criterio realista, i-a realidade amostrea como único vieiro de solución a total separación de Galiza do Estado colonialista que a ten asovallada. Cando elo acontece, oceais un día chegue de volta de Galiza, os hermos de Castela, un Cavestany calquera, admirado do progreso da fatura e prosperidade dos nosos eidos.

Os de Castela, imperialista, queren impoñer o seu idioma mais aló das terras onde se fala desd-o beree; os catalás afirman o seu, dentro dos limites da sua rexión. ¿Qué dirían os de Castela se lles obrigasen a falar catalán en Guadalajara? Os galegos inda temos que pedir permiso pre falar galego na casa, antre nós, e chegamos a un mitin e xurde un cacique, ou un esperantista, e dí: "en castellano".

Lois Porteiro Garea.

"Galicia Emigrante"

Por Ramón de Valenzuela

Finda de saír do prelo o número 12 de "Galicia Emigrante" e con esta entrega mensual, chega a mañífica publicación, ó seu primeiro ano de vida. E nembargantes a sua curta existencia, é hoxe a gran revista galega que sen saírse do estrictamente galego, pola sua calidade artística, literaria e outros ideais que defende, intransa nos meios arxentinos, e de xeito particular, nas xentes de castela galega.

Este número, como os anteriores, traí unha fermosa portada de Seoane, colaboracións de Lorenzo Salvadores, Cosme Barreiros, Víctor Luis Molinari, González Carbalho, Luis Tobío, Ramón Cabanillas, Núñez Búa, Arturo Cuadrado, Luis Estévez, Ademáis, dibujos de Cebreiro, Maside, Seoane e Nóvoa.

Felicítamos a dirección da entranabel "Galicia Emigrante" i-arelámoslle longa vida, para prestixio do noso país nestas terras do Plata.

ESTAMPAS GODOS E MOUROS

Nas estampas que estamos facendo non atopamos ningunha que nos cubra estes tempos de brétema que aprecizan a Galiza dempois de ser vencido o derradeiro rei suexo por Leovigildo.

A Península queda redondeada polo poderío visigodo. Foron sucedendo reis e cando se chega a Witiza podese considerar que a Hispania dos románs, está unida, como modernamente decimos en un Estado.

Leovigildo comenza o seu reinado no ano 568; D. Rodrigo fina o seu no 711.

Cando morre Suintila xa non había anaco que non pertencera á citada monarquía.

Wamba ten man de ferro e quer facer coas espadas o que non deu feito a eirexa cos concilios de Toledo: xunguir homes e pobos, mesetas e ribeiros. Na pro-

vincia galega, Xan Deza e Marlorico somentes eran unha lembranza, mais. A unidade hispánica non tiña consistencia. Unha lei militar de servicio obrigatorio non podía faguer que o río miúdo desembocase en Toledo.

Hispania era una, grande y libre cando apareceron os árabes e a conquistaron en termo de deus anos, que, cos meios de aquel entonces, responden a unha invasión que hoxe durara oitos días.

Sin esa grandeza de cabezudo de corpus o caso podería ben ser outro.

Se na Galiza estiveran os descendentes de Bechiario aeredor de unha monarquía orgaizada, non terían que ir aos montes pra forma partidas arredor de D. Paio.

A verdade é que cando na Hispania se remata de consumir a invasión; cando se ve brutalmente ferida moral e materialmente, cando os xinetes mouros a procorren de unha veira a outra e se van instalando donde Zaragoza a Sevilla, dende Coimbra a Valencia os soberáns da media lua en ese mesmo intre, é cando en Galiza se empezan a albiscar os prolegómenos do seu nacemento como nación importante.

Arredor de D. Paio se dirón as primeiras batallas contra dos mouros, e Don Paio estaba arro Galiza era independente cando Hispania era Califato Galiza independente, sempre a grande, sempre é capaz, sempre pode, en serio, facer grandes cousas.

Cando no ano 757 morre Alfonso I o Católico que estableceu a capital en Lugo, non restan en Galiza domiñadores musulmáns. As invasións posteriores, foron somentes razias.

Alfonso II sobe ao reinado, despois de outros varios reis pouco importantes e, dende a sua capital, Oviedo, ten noticia do descubrimiento a Santiago dos restos do Apóstolo.

Comenza agora en Galiza unha época de vitalidade, de grandeza. Unha verdadeira etapa galega.

O Centro Pontevedrés Escolleu Novas Autoridades

O 23 de xullo ppdo., o Centro Pontevedrés en Asamblea xeral escolleu novas autoridades sendo procrados os seguintes directivos:

Presidente, Manoel Pazos; vicepresidente, Euxenio García; segredario, Cándido Rey; prosegredario, Vicente Velasco; tesoureiro, Xosé F. Alegre; protesorero, Hilario López. Vocais Titulares: Xosé Ma. Ferreiro, Eduardo Díaz, Xosé Casallar, Manoel Casal, Roxelio Calviño, Antón Rodiño, Alfredo Magdaleña, Manoel Ucha e Darío Cobas.

Comisión Revisora de Contas: Xosé Baladrón, Xosé Souto, Faustino Iglesias e Liño Vila-verde.

"Maturidade"

DE PURA VAZQUEZ

"Maturidade", "Edición Galicia" do Centro Gallego, é o primeiro libro de Pura Vázquez que nos é doado coñecer. Por noticias sabemos que ten publicadas outras obras de poesía, algunhas en castelán. Non enxerguemos, dígamos de paso, a estas outuras, a teima d-escreber en fala allea en figuras relevantes da lírica actual de Galiza. Non teñen elas a responsabilidade dunha conqruída personalidade poética no mundo, que idealmente nos doa categoría de povo ceibe? Tal conducta constitue, unha flagrante tralón a nós mesmos, sempre con resultados espiroaes mostreiros, porque somentes se acada a obra sustancial, madura, na verba que se leva dentro e chouta nas veas. A obra de arte necesita a saiva da veracidade pra sere tocada pola gracia da creación. Velai "Maturidade", emocionada e vigoroso mensaxo poético, medullantemente galego, d-auténtica veracidade, d-abondo para proclamar a xerarquía dun poeta.

Lendo esta obra, lembramos unha definición do poeta debida a Xohan Ramón Ximénez. "Un poeta -diz- non é senón un home descontento que trastorna o mundo a sua cobiza, que troca para ele i-os demais o aspecto da creación". Pois ben, Pura Vázquez ceáis supera esa concepción. O noso poeta, fidele ao seu sangue, ama profundamente a Galiza i-a sua dor -elementos esenciaes de "Maturidade". Pura Vázquez leva dentro de si a paisaxe física e humá de Galiza, i-as expresións dela, até as máis mínimas, reviven transfiguradas en seres d-ensobñación melancónica, a sua semellanza, con unha orixinalidade potente e invulnerable. O mesmo na temática de caitación ouxetiva da paisaxe física e humá do chan nativo, como nos gallos xurdidos da sua ricaz intimidade, da sua i-alma. E dende o dorido pórtico rosaliano, con que abre o libro, até a derradeira páxina, a paisaxe é recridada en dinámica e gamas impares, no xogo de luz e sorna de cada hora, nun ar de armonía cósmica. A unidade perfeita dos gallos coas suas fluencias, pon de nota o fondo senso de arte e da beleza en Pura Vázquez. Así o percebemos nidamente, por exemplo, nos poemas "A espelunca do Tempo", onde a paisaxe toma aspectos fisonómicos de infindos, postos coma esfinges impasibéis diante o zozobrar cósmico do poeta: o ceo, o mar, as montañas...

"Maturidade" é un libro de intensidade galega, poucas veces acadada. As súas notas sensitivas esenciaes,

de fondo senso telárico e panteísta, son as constantes da máis outa lírica de Galiza: A saudade, a soedade i-a melancónia, o hábito cerne do poeta Pro, non serán no fondo as tres a mesma cousa?

Para Pura Vázquez, a saudade é nada da dor primixenia do home, cando sente a conciencia de si mesmo. Parece sere ome a saudade é o herdo céltico que mancou o noso espírito facéndose o centro de gravidade do ser galego. Craro, o poeta sofre i-aldase da saudade de Galiza, que xuga en dous sentidos: un nondallano i-outro rosaliano, a saudade do sangue i-a saudade do amor dorido. A primeira, rípa do ser primixenio, da i-aba da nosa conciencia de novo a rentes da historia. A segunda, do derradeiro reencontro de nós mesmos. No cadro da nosa literatura as duas enñan a verdadeira historia de Galiza, i-ambas alentan o ideal da nosa redención. Aquela, panteísta e pagán, treme velada i-eterna no bosco bañado polo luar, misteriosamente ensomado i-arregulado polo baile místico. Nos acendidos cumios, nos caes pervive o rito antepasado, coma o símbolo dunha caste inmorredora. No melancónico sol-por, cando o sol carcome "a súa brasa derradeira no altar crecido das montañas". Ou na beiramar frente a inmensidade do oceano asolagando os seus sentidos vixilantes... Aí vai o poeta transido, amergullado de soños, de soedades e silenzos antergos, esperta a intución reveladora, na procura das suas raíces.

I-esta, a segunda, de maior intensidade, latexa emocionante en múltiples gamas ao longo deste libro transcendente. Diremos en sínteses -a falla d-espacio impídennos estendernos- que é a voce do feitizo da nosa Terra i-a dor de non posulla, porque a pesada lousa dunha historia contraria a natureza, esmaga de cote esa arela. E a saudade da liberdade de Galiza, que fai estalar ao poeta neste intre de terror cos baveleza de bardo:

...Apafiar nas endebres maus
[ a teima do rexurdimento
que xace empoeirado nos intimos
[ limos, co pavio
tremelante batido pol-as maruxías
[ alobres.
...Aventar os bafos da cobarde
[ espera aldraxante,
xurdindo no derradeiro lampo das
[ fogueiras
acesas lauzas, na lumieira ergueita
[ da liberdade.
E. SOUTO.